

## PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES 4º TURISMO, NA FCETOU

### Obxectivos e Competencias

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense da UVigo, consciente da necesidade de formar os mellores profesionais en Turismo, contempla, dentro do seu plan de estudos, unha materia obrigatoria denominada “PRÁCTICAS EXTERNAS”, de 12 ECTS, 4º Curso, segundo cuadrimestre (300 horas de prácticas curriculares).

O turismo necesita profesionais competentes e a mellor maneira de orientar a formación e preparación dos nosos alumnos, pasa por ofrecerlles a oportunidade de entrar en contacto co mundo laboral real. Para iso a FCETOU, da Universidade de Vigo, ten asinados centos de convenios de colaboración para alumnos en prácticas con empresas, cadeas hoteleiras, axencias de viaxes, Paradores de Turismo, empresas de aluguer de vehículos, axencias de xestión de eventos, feiras e congresos, concellos, deputacións e múltiples institucións públicas e privadas de moi diversa natureza, vencelladas ao sector turístico.

Durante o seu período de prácticas o estudantado experimenta directamente tarefas propias da súa especialización curricular que deberá afrontar no seu futuro profesional, aprende a actuar coas técnicas, ferramentas e medios que se utilizan diariamente e entra en contacto cos distintos subsectores e especificidades do sector turístico, o que lle permite poder elixir mellor o seu futuro profesional

e prepararse para a súa inserción no mundo laboral (de feito, informamos ao alumnado da posibilidade que reflicte a normativa de prácticas de convalidar traballo profesional previo por curriculares, coas mesmas obrigas que o resto do alumnado; algunhas das prácticas poder ser coincidentes con contratos laborais, opción que tamén se lles lembra que é posible, mesmo aconsellable).

Estas prácticas están contempladas nos Plans de Estudos do Grao en Turismo (materia do 4º curso) e no PCEO, Programa de Simultaneidade PCEO Turismo – Historia (materia do 5º curso, segundo cuadrimestre).

O calendario de realización do período de prácticas establécese ao longo do segundo cuadrimestre do derradeiro curso, normalmente entre os meses de febreiro a maio do curso académico correspondente, cunha duración variable, dacordo coa xornada laboral en cada empresa ou institución, cubrindo necesariamente unhas 300 horas de formación práctica (equivalentes a 12 créditos ECTS, que se recollen na memoria da titulación e na guía docente da materia).

## **Accións a desenvolver**

Na xestión das prácticas curriculares e para a asignación de empresas e institucións a cada estudante, prevalece o criterio de adecuación, idoneidade e preferencia de cada estudante:

1.- Reunión Inicial Explicativa do proceso, presentación de empresas con convenio e flexibilidade total para a elección de destino de cada estudante (a finais de setembro ou primeiros de outubro); comunicación de listado de

empresas e institucións con convenio, referencias de destinos de alumnado de Turismo dos últimos 3 cursos académicos, explicación trámites oferta de prácticas Erasmus +, participación en procesos selectivos de persoal de cadeas hoteleiras, posibilidade de convalidación por traballo profesional previo e presentación de procesos posteriores con acordos de desenvolvemento de carreiras profesionais de dirección hoteleira: FCETOU e cadeas hoteleiras (RIU, Barceló, Hotusa...).

2.- Primeiro Cuadrimestre ata Inicio de Prácticas: Interacción entre alumnado e coordinador de prácticas sobre destino elixido (contacto na empresa, mail e teléfono) para confirmar ou activar sinatura de convenio, acordar datas de inicio e finalización, acordo sobre tarefas e comprobar compatibilidade de horarios de docencia e prácticas na empresa.

3.- Asignación de titor/a na empresa e titor/a académic@ e confección da documentación necesaria: D3/D4, D5 e D6.

4.- Sinaturas do documento de formalización de prácticas (D3/D4), por parte das tres figuras necesarias: titor/a na empresa, académic@ e alumn@.

5.- Inicio de Prácticas na Empresa.

6.- Seguimento das prácticas polos titores e coordinador de prácticas (incidencias: suspensión, modificacións, teletraballo, ampliacións...).

7.- Presentación dos informes asinados: D5 e D6, máis a memoria por parte do alumno ao titor académico (posibles mudanzas a proposta do titor/a académic@).

8.- Avaliación das prácticas por parte do titor/a académic@ e comunicación da mesma ao coordinador de prácticas na FCETOU.

9.- Subida da cualificación das prácticas ás actas, na convocatoria correspondente, por parte do coordinador de prácticas e sinatura das mesmas.